

REPASO TEXTO EXPOSITIVO E ARGUMENTATIVO

Le os textos que aparecen a continuación e resolve as cuestións que aparecen a continuación sobre a súa forma e o seu contido.

TEXTO 1

As vogais prodúcense cando a corrente de aire non ten obstáculos na súa saída. Con todo, o aparello fonador cambia de forma, por iso hai vogais distintas. Para clasificalas existen dous parámetros:

- O grao de abertura, é dicir, o grao de separación entre a lingua e a parte superior da boca. Segundo isto, a vogais galegas poden ser:
 - o Vogais abertas: [a] **man**.
 - o Vogais medio abertas: [ɛ] e [ɔ] **présa, bóla**.
 - o Vogais medio pechadas: [ɛ̞] e [ɔ̞] **presa, bola**.
 - o Vogais pechadas: [i] e [u] **vila, pucha**.
- A localización, isto é, a posición da lingua e a forma da cavidade bucal. Tendo isto en conta, as vogais galegas poden ser:
 - o Vogais anteriores ou palatais: pronúncianse na parte anterior da boca, que toma forma de corneta; os labios están planos e abertos. As vogais anteriores son: [ɛ], [ɛ̞] e [i].
 - o Vogais posteriores ou velares: a canle comeza a formarse na parte de atrás, producindo unha forma de tubo, estreito e longo; os labios están redondeados e botados cara a diante. As vogais posteriores son: [ɔ], [ɔ̞] e [u].

TEXTO 2

O sistema vocálico galego consta de sete vogais, opostas entre si pola localización e polo grao de abertura. En canto ao primeiro, as vogais poden ser de tres tipos: anterior ou palatal, central, posterior ou velar. No referente ao segundo, hai catro graos de abertura: alta ou pechada; medio alta ou medio pechada; medio baixa ou medio aberta; baixa ou aberta. Dado que só se usan cinco grafemas, no é posible pola escritura saber en todos os casos cal das dúas vogais medias representan as letras *e*, *o*; con todo, para os casos máis problemáticos úsanse acentos diacríticos.

a) Os dous textos que acabas de ler son expositivos. Con que tipo se correspondería cada un? Que ten un texto e non o outro para faceres a identificación?

b) Que tecnicismos podes atopar nos textos?

c) Céntrate no 1º texto e identifica aquelas características lingüísticas (á parte dos tecnicismos) e de disposición da información que che permiten recoñecelo como un texto expositivo.

TEXTO 3

Hai que repetilo, porque son moi poucos os que o queren oír. A insistencia non chegará, pero fai falta que se propague unha verdade tan sinxela como que todo o desenvolvemento se debe á natureza. É máis, hai unha relación directa entre o bosque e as civilizacións. Pero o bosque xa é, ante todo, melancolía. Cada segundo espimos de todo unha superficie equivalente a un campo de fútbol. A diferenza, en relación a calquera outra das moitas catástrofes naturais da historia, é que esta resulta evitable.

O bosque cede a miúdo para deixarlle o seu posto á gandería e agricultura insostibles, incluso a curto prazo, así que morre para nada. Pero a machada e a motoserra non están soas, o lume leva cada ano 5 millóns de hectáreas de selvas, uns 2 millóns de bosques e matogueiras mediterráneas e, nas coníferas do norte, ata 10 millóns de hectáreas. O balance para o conxunto do planeta é de perdas ininterrompidas. As forestas húmidas van á cabeza do desastre cunha redución do 60 % tan só no último século. E o bosque mundial diminuíu nun 19 % no mesmo período. Polo tanto, non é estraño que unha gran parte dos bosques dos países máis avanzados goce dalgún tipo de protección. Só que, por desgraza, o que non chega desde abaixo, como a chama ou a serra, vén desde as alturas. A chuvia ácida, é dicir, os contaminantes atmosféricos mesturados coa auga das precipitacións, chega a queimar por completo os bosques. Así se perdeu ata a metade da superficie forestal de Alemaña.

Non sobra unha soa árbore neste mundo. Todo o contrario. O malo é que nin plantando todos os humanos unha cada día as compensariamos polos servizos prestados.

- a) **Indica cal é a tese que está defendendo o texto que acabas de ler.**
- b) **Fíxate na oración subliñada no 1º parágrafo, explica coas túas propias palabras que é o que quere dicir.**
- c) **Segundo o texto, cales son as principais causas da desaparición dos bosques?**
- d) **Que tipo de argumentos se están dando no corpo do texto? Pon un exemplo de cada tipo.**
- e) **Identifica unha comparación no texto.**

TEXTO 4

O termo hiperpaternidade é bastante rebuscado. En cambio, describe moi ben un fenómeno que as familias de hoxe padecen. Ultimamente, evítaselle calquera frustración a un neno ou nena, algo que pode ser negativo a longo prazo para el ou ela, pois vai en detrimento do crecemento persoal e da aprendizaxe. Por isto, é moi importante que lles permitamos aos nosos fillos e fillas que se equivoquen, e canto antes mellor.

Poderíamos comezar dando algúns exemplos que indican a hiperprotección dos proxenitores: rapaces e rapazas con horarios copados de luns a luns con clases de piano, pintura, fútbol, inglés, francés...; casas a proba de calquera perigo, como mesas de centro con puntas redondeadas, tomas eléctricas tapadas con plásticos, barreiras nas escaleiras...; papás que visitan unha vez ao mes ou máis o colexio para falar con algún profesor e preguntar o porqué dunha nota, dun traballo ou do desempeño xeral do seu fillo; nais e pais que falan cos amiguiños dos seus fillos para saber por que non os escolleron para o seu equipo nun recreo....

A raíz do problema atopámola na válida e sensata preocupación dos pais de preparar adecuadamente os seus fillos para o futuro, protexelos dos males do mundo e as desventuras da vida. En cambio, se se leva ao extremo, os resultados son terribles. A consecuencia da sobreprotección (outra maneira menos sofisticada de dicir o mesmo) son nenos inútiles, sen capacidade de xestionar os seus riscos ou a toma de decisións. Unha e outra vez, vemos estudantes que dependen de titores externos, que desenvolven intolerancia á frustración, que non fan as súas tarefas, que non estudan por si mesmos, que non son capaces de resolver conflitos cotiáns.

Que mensaxe recibe unha nena de 6 anos cuxos pais interveñen en cada situación de conflito con outros nenos da súa idade? Pois que para iso están os papás: para resolver os seus problemas. E peor aínda, que ela non ten necesidade de desenvolver esa habilidade social! Como cren que vai actuar un mozo de 15 anos ao que o rexeita o seu primeiro intento de conquista, cando é a primeira vez que a vida non funciona como el quere? Pois cunha depresión profunda, porque nunca antes se enfrontara ao fracaso directamente. Ata ese momento tivera uns “pais marabillosos” que lle procuraron todo o tempo o benestar e evitáronlle a dor dunha decepción, o rexeitamento e o fracaso.

Para o desenvolvemento de certas habilidades sociais como a empatía, a resolución de conflitos e o liderado, son necesarios o fracaso e a frustración. Debemos permitir que os nenos e nenas vaian tomando decisións pequenas, acordes á súa idade e que cando se equivoquen, a situación se aproveite para reflexionar, aprender e crecer. Se queremos nenos que se desenvolvan nun mundo tan complexo e competitivo como o actual, non podemos caer na hiperpaternidade.

- a) Indica cal é a tese que está defendendo o texto que acabas de ler.
- b) Que tipo de argumentos se están presentando ao longo do corpo do texto? Pon exemplos.
- c) Por que, segundo o texto, é tan prexudicial para os fillos e fillas a sobreprotección dos pais?
- d) Segundo o texto, que actitudes dos pais serían máis beneficiosas para as rapazas e rapaces?